

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**ESCE
NAS
DO
CAM
BIO**



Laboratorios

escenasdocambio.org
cidadedacultura.gal

En **Escenas do Cambio 2017** continuamos o noso programa de formación, convidando a Loreto Martínez e Alejandra Pombo, a Usue Arrieta e Vicente Vázquez, a Idoia Zabaleta e a Federico León, a impartir diferentes laboratorios sobre as artes escénicas e as súas fronteiras.

Os laboratorios terán lugar na Cidade da Cultura de Galicia entre o 31 de xaneiro e o 10 de febreiro. Os interesados en participar nalgún dos catro talleres desta edición deberán enviar unha solicitude ao mail **escenasdocambio@ciudadedacultura.org** indicando:

- Datos persoais.
- Laboratorio no que quere participar.
- Pequena carta de motivación (non máis dun folio).
- Breve Currículum Vitae (non máis dun folio).

SUMINISTROS

DIRIXIDO POR USUE ARRIETA E
VICENTE VÁZQUEZ

Do 31 de xaneiro ao 10 de febreiro
10.30 a 14.30 horas

CIDADE DA CULTURA

Dirixido a xente con formación nos campos da socioloxía, a fotografía, a escritura, a enxeñería de procesos e o urbanismo, etc... Tamén poderán inscribirse no laboratorio todos aqueles interesados con experiencia noutros ámbitos profesionais reglados ou non; e todas aquelas persoas con vocación autodidacta.

* Debido á especificidade do desenvolvemento do laboratorio valorarase que o participante dispoña de carnet de conducir, así como a motivación para emprender viaxes en grupo e, ao mesmo tempo, a capacidade de desenvolver tarefas con independencia.

Suministros formúlase como un grupo de traballo ao redor diso que Marcel, o narrador do tempo perdido de Proust chama “segundo traxe máis

externo”. O obxectivo estriba en compoñer a biografía dun dos actores non humanos que interveían no festival Escenas do Cambio 2017. Para iso centraremos a nosa atención nas subministracións básicas (auga e luz) que fan posible o evento. Entre todos os integrantes do grupo acordaremos en que subministro fixaremos a atención e iniciaremos o estudo. O estudo-biográfico combinará formas de rastreo e notación coa fin de emprender unha descrición exhaustiva da actuación do axente seleccionado que, pola

Claro que mentres que non oín á Berma gocei. Gocéi na praciña que precedía ao teatro, cos seus castiñeiros sen follas, que dúas horas despois relucirían con metálico reflexo en canto as luces de gas iluminaran os detalles do seu ramaxe; gocéi ao pasar por diante dos empregados que recollen os billetes, eses cuxo nomeamento, ascenso e fortuna dependían da gran artista -que era a única que mandaba naquela administración pola que pasaban obscuramente directores e directores puramente efémeros e nominais-, e que recibiron as nosas entradas sen ollarnos porque estaban moi preocupados pensando en se terían sido ben dadas ao persoal novo as ordes da señora Berma; en se a claqué comprendera ben que nunca tiña que aplaudila a ela; en que as fiestras debían estar abertas mentres ela non estivera en escena e logo pechadas todas; en se porían ben o cacharro de auga quente disimulado xunto a ela para que non se alzara polvo das tablas; porque, en efecto, un momento máis tarde pararía diante do teatro o seu coche de dous cabalos con longas críns, e del ía baixar a artista, envolta en peles, contestando aos saúdos con hurraño xesto; e mandaría a unha das súas doncelas que fóra a enterarse de cal era o proscenio reservado para os seus amigos, da temperatura da sala e do porte das acomodadoras, pois público e teatro non eran para ela máis que como un segundo traxe máis externo, no que ía meterse, e un medio mellor ou peor condutor que o seu talento tiña que atravesar. (En busca do tempo perdido, libro II Marcel Proust)



súa natureza, participa en todas as coreografías. *Suministros* é pois unha tentativa de estrañamento entre figura e fondo. Marcel (ao igual que nós), confundido e marabillado pola súa primeira experiencia no teatro, fai unha descrición transversal do fenómeno, fixando a súa atención en elementos considerados pasivos e sinalando así as súas capacidades. Nós tamén trataremos de conformar unha posible biografía daquel actor que non danza, aquel actor que non aparenta... unha biografía do que permanece nun segundo nivel pero en permanente acción, como aquel vello cacharro de auga quente oculto sobre as táboas do escenario.

Vicente Vázquez e Usue Arrieta sérvense do contexto artístico e cinematográfico para publicar a súa actividade, que definen como un proxecto a longo prazo cuxa forma visible consideran transicional e transitiva. Entenden a súa práctica como un xeito de investigar e experimentar as posibilidades do colectivo. A súa obra, xa sexa en secuencias fílmicas, textos, presentacións de diapositivas ou outros dispositivos espazo-temporais, tenta reformular o social. Os seus proxectos recentes, fortemente ligados ao territorio, lidan coa noción de coreografía.



INICIO - ESTALLA

DIRIXIDO POR IDOIA ZABALETA

Do 31 de xaneiro ao 4 de febreiro.

10.30 a 14.30 horas

CIDADE DA CULTURA

Dirixido a coreógrafos/as, bailaríns, actores, dramaturgos, performers. Preferiblemente que estean iniciando ou a punto de iniciar procesos de creación.

Este laboratorio está dirixido a creadores e creadoras interesadas en compartir as fases iniciais dun proceso de creación. Traballaremos de forma colectiva nunha serie de ferramentas que nos axudarán a traducir as inqedanzas que mobilizan o desexo de comezar a traballar sobre algo en xestos xerminais, xestos de inicio. Paralelamente, adestraremos modos de lectura sobre o que eses xestos están propoñendo, máis aló ou máis aquí, do desexo de inqedanza que os orixinou. Da especulación á acción. Da enunciación á activación do xesto. Do xesto á lectura. Da lectura á re-enunciación. Da re-enunciación ao estalido de posibilidades. Do estalido á renuncia. Do xesto renuncia á reanudación do xesto.

Idoia Zabaleta. Coreógrafa. Na Facultade de Bioloxía especializouse en ecosistemas e dinámica de poboacións. Estuda nova danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam e Nova York. Traballa coa compañía Mal Pelo entre 1995 e

1999. Desde o ano 2000 coproduce e crea o seu propio traballo, colaborando con outros artistas e investigadores como Isabel de Naverán, Filipa Francisco, Antonio Tagliarini, Ixiar Rozas, Sofia Asencio entre outros. O seu traballo puido verse en festivais e encontros de ámbito internacional. Imparte clases en diversos mestrados e cursos de posgraduado. Desde 2008, constrúe e goberna xunto con Juan González o espazo de creación e residencias artísticas AZALA, situado na mesma vila onde vive (www.azala.es).



TALLER DE EXPERIMENTACIÓN CON OBJETOS PERSONALES

DIRIXIDO POR FEDERICO LEÓN

3 febreiro – 6 febreiro

10.30 a 14.30 horas

CIDADE DA CULTURA

Dirixido a profesionais de escena e amateurs.

Baixo a forma dun proceso que conxugará a actuación, a escrita e a dirección, indagarase sobre as posibilidades de construír ficción servíndose de elementos da realidade. Isto levarase a cabo a partir de historias e obxectos persoais dos participantes: cartas, fotos familiares, roupa, diplomas, diarios íntimos, trofeos, debuxos, etc. Materiais reais postos en funcionamento para explorar nas diferentes ficcións que cada un pode construír coa súa propia vida. O obxecto a estudar é a persoa e a súa historia. O que o estuda e o exhibe, a mesma persoa.

Nunha segunda instancia, cada participante realizará un proceso de depuración que consistirá en seleccionar, ordenar, reordenar, clasificar, para logo amosar, explicar, sinalar. O obxectivo radicará en atopar series, agrupacións de obxectos baixo lóxicas diversas. Por exemplo: alguén elixe contar a súa vida a partir da exhibición e narración das súas cicatrices; outro expón, como nunha feira

ambulante, todos os obxectos que roubou na súa vida; na acción de ler as cartas que o seu pai lle escribiu a súa nai durante o servizo militar, unha filla atopa a mellor maneira para narrarse. Manipulación da propia historia. Que se mostra? Como se mostra? En que orde? O que non se mostra. Cal é a forma escénica específica que atopa cada un para expoñerse? O pasado como peza de museo. A persoa como museo en si mesma. O teatro como museo dunha vida.

PORQUE YO SOY TÚ PORQUE TÚ ERES YO PORQUE SOMOS OTROS

OBRAIDRO PRÁCTICO EMBRUXADO POR LAS INVICTAS

Do 6 ao 10 de febreiro 2017

10.30 a 13.30 horas

CIDADE DA CULTURA



Intereses: vida | Formación: paixón

“A SATISFACCIÓN DO FACER. CENTRARÉMONOS NO ‘FACER SUCEDER’ E A RESPONSABILIDADE QUE ISO CONLEVA. FAREMOS AQUÍLO QUE NON PODEMOS FACER SÓS E PROPOREMOS SITUACIÓNS PARA ARRASTRARNOS LONXE E ATOPARNOS CON AQUÍLO QUE NON SABEMOS, E PODER CHEGAR A ONDE NUNCA NOS IMAXINÁRAMOS. O MOMENTO POÉTICO.”

Este taller será un taller máis práctico que teórico. É máis, será a partir das nosas experiencias durante esta semana que será escrito o texto poético-manifesto que realmente presente este taller. É dicir, *après coup*. *Après coup*, literalmente quere dicir, despois do golpe. Comezaremos por compartir convosco as nosas ferramentas e proceso de traballo. Ambas as dúas partimos nos nosos “relatos” do eu. Un eu que, como ben Rimbaud o evoca nas súas *Lettres du voyant* (Cartas do vidente) é outro. Compartiremos tamén lecturas, películas, músicas, xestos, posicións... que acompañen e nutran o noso “pasar ao acto”: a composición, publicación, manifestación dunha múltiple voz a partir dos nosos relatos, emocións, silencios e berros.

Voz que non só é palabra, todo xesto é palabra, é posición – desde onde un fala? E como?, para, con quen?

Para convocar/activar a manifestación desta múltiple voz a partir de cada unha das nosas voces, mergullarémonos en nós mesmos ata acadar ese sexto sentido que non se ve, non se ule, non se toca, non se sente. Pasaremos da acción á inacción. Da inmovilidade ao pequeno xesto. Practicaremos o “desapego emocionado” e as artes marciais, ao noso xeito, a partir do noso “non saber facer” e facelo ben, como un momento de silencio nunha orquestra ou un instante de calma nun vendaval.

Las invictas nace do encontro de dous seres, dous entes *sentintes*, con sede de romper(se), de des-construír(se), de sorprender e ser sorprendidos, famentos de soños e ilusión; nun verano caloroso portuense, cidade tamén coñecida como *cidade invicta*, polo feito de non ter sido invadida grazas á convicción, a resistencia dos seus habitantes, que construíron unha ponte coas súas barcas unindo Gaia, alí onde as tropas de Napoleón se atopaban, e Porto cidade; alí os habitantes esperaron nas súas barcas, para cando as tropas atravesasen dita ponte, facelas estoupar. Las invictas levan a cabo unha misión poética activa día a día difícil de detectar.


ORGANIZA:



CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:



COLABORAN:



DONOSTIA / SAN SEBASTIÁN 2016
EUROPAKO KULTUR HIRIBURUA
CAPITAL EUROPEA DE LA CULTURA
D552016.EU

Universidade de Vigo





Escenas do Cambio 2017
28 xaneiro - 15 febreiro 2017

escenasdocambio.org
cidadedacultura.gal